

PARTICIPA NO TEU FUTURO


Unha mañá informeime de que había un proxecto de algo de política de emprego, apunteime (“non creo que sexan moitas horas”).

Pasan os días, os meses, reunímonos, discutimos e redactamos.

Pasado case un ano, chámame un mediodía dicindo que me vou catro días a Bruxelas con todo pagado. Xa teño outra visión do proxecto.

Bruxelas, unha tranquila cidade. Parlamento, Metro, Comisións, Fundación Galicia Europa, eurodiputados, conselleiros...

Un mes máis tarde, decembro, de novo soa o teléfono, hai que expoñelo no Parlamento Galego. Cada día gústame máis!



Alí estiven aprendendo e relendo o proxecto para contárllelo aos políticos o pasado día 27 de decembro.

Eles na tribuna, oíndonos e poida que escoitándonos. Nós, no hemiciclo! Pedindo o que a mocidade galega precisa e, o que é tan importante ou máis, o que non precisa.

Con esta historia só pretendo convencervos de que participedes, en que? En calquera actividade ao voso alcance. Nunca sabemos o que pode ser bo ou malo... cedo ou tarde todo ten a súa recompensa e, como alguén dixo “o

saber non ocupa lugar”

A.M.A.

O CONTACONTOS

O pasado mércores 8 de maio chegou ao noso instituto un contacontos. O seu nome era Anxo e xa estivera en Melide polo mesmo motivo había catorce anos.

Cando entramos na aula

tar nas nosas cadeiras comezou o seu relato, empezou dicindo que era de Monforte, onde había unha ONG que se dedicaba a recadar cartos para mercar bicicletas que logo serían doadas a países pobres onde, grazas a este servizo, os médicos podían chegar a tempo a calquera emerxencia.

Algunha das actividades que realizaban para xuntar cartos consistía en ir polos ins-

falaba eran entretidas, xa que as contaba por medio de personaxes imaxinarios e ao mesmo tempo trataban de temas de moita relevancia que nos poden afectar a todos. Algúns deles eran a guerra e a fame no mundo.

Segundo ía avanzando na súa narración a xente mostrábase máis interesada porque tamén formaba parte da historia.

Cando a sirena de cambio de clase soou Anxo finalizou o que empezara e deunos as grazas por portarnos ben, antes de marchar tamén quixo deixar o nome dunha páxina web onde lle poderíamos consultar o que quixeramos.

Daniel Mato Cea,
Enrique Mejuto Sesar. 3ºB.



de audiovisuais, quedamos un pouco abraiados porque o home non tiña traza de dedicarse a contar contos.

Pouco despois de sen-

titutos de Galicia contando contos, outra delas é facer paseos guiados en bici por Monforte.

As historias das que